

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OROSO

Anuncio de bases e convocatoria de subvencións a entidades cidadáns no ano 2014

ANUNCIO DE BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES CIDADÁNS PARA O ANO 2014

O 25/03/2014, publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm 57 e no taboleiro de edictos da Casa do Concello, publicouse o anuncio correspondente á elevación a definitivo do acordo de aprobación inicial dos orzamentos municipais do Concello de Oroso para o exercicio 2014 xunto coas correspondentes bases de execución orzamentaria, nas que se inclúen de conformidade co art. 17.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, as seguintes bases reguladoras de subvencións, procedéndose á súa publicación e de conformidade coas bases de execución do orzamento iniciárase o prazo de presentación de solicitudes a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia:

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES CIDADANAS

Primeira.-OBJECTO.

O obxecto destas bases é regular as axudas municipais de todas aquelas actividades e servizos que se realicen no ámbito territorial do municipio de Oroso, desenvolvidos por asociacións e colectivos que se atopen debidamente legalizados e inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións do excelentísimo Concello de Oroso.

No caso de subvencións nominativas previstas no orzamento quedarán excepciónadas do réxime establecido para a concesión das mesmas, aínda que deberán solicitálas e xustificálas de acordo coas presentes bases.

Segunda.-ÁREAS SUBVENCIONABLES.

Serán subvencionables as áreas que a continuación se determinan e, dentro dos seguintes casos:

1.-Área de deportes: os derivados da organización de actos e actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte (partida 341.489.00).

2.-Área de participación cidadá: actividades desenvolvidas polas asociacións pola mellora da calidade de vida dos cidadáns, actividades culturais relacionada coas artes, as ciencias, as letras, formación, cursillos, musicais, campamentos, realización de iniciativas, etcétera, a súa formación e información en todas as materias que lles atinxen (partida 334.489.00).

3.-Área de educación: actividades organizadas por escolas e centros educativos dentro do termo municipal de Oroso (partida 321.489.01, 321.489.02 e 322.489.03).

4.-Área de protección civil: Actividades realizadas pola asociación local de Protección Civil (partida 134.489.00).

Terceira.-GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse subvencionables aqueles gastos que teñan relación directa coa actividade subvencionada e que efectúense dentro do ano natural da convocatoria.

Non serán subvencionables aqueles gastos correntes ordinarios tales coma gastos telefónicos, alugueres, limpeza, mantemento ordinario, material de oficina, impostos directos, así coma gastos festivos ou meramente recreativos tales coma comidas e banquetes.

Cuarta.-BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nestas bases tódalas asociacións debidamente inscritas no Rexistro de Asociacións municipais, así como as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados coma subvencionables, e que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenrolar as súas actividades no termo municipal.
- Non estar incursas en ningún dos casos previstos no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións.

d) Non ter co concello débedas ou sancións tributarias en período executivo, salvo que se trate de débedas ou sancións tributarias que se atopen aprazadas, fraccionadas o cuxa execución estivese suspendida.

e) Non ter pendente de xustificar subvención concedida polo Concello.

Quinta.-RÉXIMEN DAS AXUDAS.

As subvencións outorgaranse, previa petición a instancia do solicitante, con cargo ó orzamento da Corporación para cada exercicio mediante procedemento de concorrencia competitiva. O seu outorgamento será motivado e os seus importes non poderán ser revisados ni ampliados.

O importe das subvencións a conceder non superará o presupostado no orzamento xeral da Corporación para cada exercicio orzamentario.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.-DOCUMENTACIÓN.

A documentación que se deberá acompañar é a seguinte:

– Solicitude, segundo modelo que se acompaña no anexo I, firmada polo presidente da entidade e acompañada por fotocopia do DNI, ou por quen teña conferida a delegación debidamente acreditada.

– Programa detallado da actividade ou servizo para a que se solicita a subvención, especificando a súa denominación, data, lugar de realización, expresión da finalidade que se persigue, o número de persoas a quen se dirixe e os medios humanos e materiais que van a empregarse.

– Certificado do órgano competente da Asociación de que os datos que constan no Rexistro Municipal de Asociacións son os últimos actualizados.

– Presuposto total e desglosado por partidas das actividades a realizar.

– Importe da subvención solicitada.

– Certificado de número de conta corrente da Asociación á que se ten que efectuar a transferencia.

– Importe das subvencións e axudas pedidas ou concedidas por outras entidades para o mesmo fin.

– Declaración responsable na que se acredite encontrarse ó corrente das súas obrigacións fiscais con este Concello, e a facenda pública e estatal, así coma a seguridade social.

– Declaración xurada de que o solicitante non se atopa en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

Sétima.-PRAZO.

Unha vez aprobadas as presentes bases polo pleno corporativo xunto co orzamento do exercicio, serán obxecto de publicación no «Boletín Oficial» da provincia.

Nos corenta e cinco días naturais seguintes á publicación servirán de prazo para a presentación das solicitudes.

En exercicios sucesivos, o prazo para a presentación empezará a contarse, unha vez aprobado o orzamento do exercicio, dende a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Oitava.-PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

O procedemento a seguir será o regulado no capítulo II do título I da Lei 38/2003 de subvencións, cas seguintes especialidades:

O órgano de instrución sinalado na lei será a Concellería de relacións veciñais.

O órgano colexiado encargado de formular a proposta de resolución estará formada por unha comisión presidida polo alcalde-presidente do Concello e tres concelleiros, actuando coma secretario funcionario da corporación debidamente capacitado.

A valoración de concesión das subvencións farase atendendo ós seguintes criterios:

1. Interese das actividades propostas: ata 20 puntos.
2. Representatividade da asociación dentro do Concello, atendendo o número de membros: ata 20 puntos.
3. Coeficiente de financiamento derivado da solicitude, tendo en conta que a menor coeficiente, maior puntuación: ata 10 puntos.

A Xunta de Goberno será o órgano competente para unha vez vistas as propostas, resolver mediante acordo motivado.

A contía das subvencións outorgada a cada asociación ou agrupación de cada área subvencionable, cando as condicións obxectivas das mesmas sexan similares (n.º asociados, área territorial, etc.) deberá ser igual dentro do límite máximo determinado pola dispoñibilidade orzamentaria, debendo ser motivada as posibles desigualdades.

A notificación dos actos de tramitación e resolución das subvencións será publicada no taboleiro de anuncios e a páxina web do Concello, medio exclusivo de conformidade co disposto no artigo 59.6 b) da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Novena.-FORMA DE PAGO.

O pago da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificadas totalmente os gastos. Excepcionalmente e por causas xustificadas, poderán facerse libramentos parciais de fondos cando se xustifique parcialmente á subvención.

Décima.-XUSTIFICACIÓN.

Antes do 15 de decembro, as asociacións beneficiarias deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada de documentos deste Concello, a xustificación de conta polo importe da subvención concedida, axustándose ó modelo que se acompaña no anexo II, ó que se unirán as facturas orixinais ou fotocopias cotexadas xustificativas dos gastos efectuados, e a seguinte documentación:

- Memoria detallada da actividade desenvolvida.
- Relación de ingresos e gastos da actividade.
- Facturas ou outros documentos xustificativos dos gastos efectuados, debendo estar fechados, extendidos ó nome da asociación, ser orixinais ou fotocopias compulsadas. As facturas orixinais serán estampilladas co selo do Concello.
- Certificado do secretario da entidade co V.º B.º do presidente en que se indiquen as subvencións concedidas á Asociación de calquera outro ente público ou privado para as actividades subvencionadas.

Transcorrido o prazo de xustificación, agás en casos de solicitude de prórroga unicamente concedida para casos excepcionais, a subvención caducará e será anulada.

Undécima.-INSPECCIÓN E CONTROL.

O Concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a documentación xustificativa das mesmas, así como a requirir á asociación nos termos que precise todo elo de conformidade co disposto no título III da Lei 38/2003.

Duodécima.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

O réxime de infraccións e sancións será o establecido no título IV da Lei 38/2003.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias con cargo a créditos de outras Administracións Públicas, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa seguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocupación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, así como a aplicación da prestación a fins distintos dos previstos, dará lugar á cancelación da subvención e a obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza no previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

Décimo terceira.-COMPROMISOS.

As asociacións e institucións que resulten beneficiarias de subvencións se comprometen a:

- Xustifica-lo gasto realizado antes do 15 de decembro do ano natural correspondente.
- Comunicar ó Concello por escrito, cando proceda, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público.
- Comunicar ó Concello, por escrito, as modificacións da situación, condición ou circunstancias que motivaron a concesión.
- Autorizar ó Concello a obter por medios telemáticos os certificados correspondentes de atoparse ó corrente de obrigas tributarias coa Seguridade Social.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 38/2003 de subvencións, regulamento xeral de subvencións a Lei reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei de Facendas Locais.

ANEXO I**(Modelo para entidades con personalidad xurídica)****SOLICITUDE DE SUBVENCIONS A ENTIDADES CIDADÁNS**

A Asociación, con C.I.F. número....., inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións con número e domicilio en, rúa, teléfono, representada por don, en calidade de da devandita Asociación, domiciliado en, rúa, teléfono....., diríxese o Excmo. Concello de Oroso e expón:

• Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases de subvencións aprobadas polo Concello, aceptando as obrigas derivadas das mesmas.

• Que desexa que a Asociación a que representa sexa beneficiaria das subvencións e axudas económicas que outorga o excelentísimo Concello de Oroso para o ano, polo que a continuación detalla o programa das actividades a realizar e o seu presuposto total e desglosado por partidas de actividades que prevén realizar en

Área para a que se solicita a subvención:.....

(Ver base 2.^a)

Finalidade:

Programa da actividade a realizar orzamento

.....
.....
.....
.....
.....

Gasto total previsto euros

Por todo o exposto solicita:

Que lle sexa concedida á Asociación arriba indicada unha subvención polo importe de..... euros.

Firmado: D.

ANEXO II

XUSTIFICACIÓN DE CONTAS

A Asociación/Entidade, con C.I.F. e domicilio en Oroso, rúa, teléfono....., representada por don, con D.N.I. número, en calidade de....., da devandita Asociación, domiciliado en Oroso, rúa, teléfono....., ó excelentísimo Concello de Oroso dirixese e expón:

1.–Que dentro do exercicio orzamentario no que se concedió a subvención á nosa Asociación/Entidade, vimos a xustificar o emprego dos fondos outorgados, polo que adxunto acompañase a seguinte documentación:

- As facturas ou documentos xustificativos dos gastos efectuados, por un importe total de euros.
- Memoria detallada da actividade desenvolvida.
- Relación de ingresos e gastos da actividade.
- Certificado do Secretario da entidade co V.º B.º do presidente en que se indica as subvencións concedidas á Asociación de calesquera outro ente público o privado para as actividades subvencionadas.

2.–Que se cumpriu o programa de actividades a realizar que se expuso na solicitude de subvencións entregada a este Concello en data

3.–Que a subvención que se outorgou polo Concello de Oroso á nosa Asociación para o exercicio deascende á cantidade de..... euros.

4.–Que a subvención outorgada polo Concello foi destinada ós fins específicos e concretos para os que estaba afectada.

Por todo o exposto, solicita:

Que habendo cumprido os requisitos establecidos, e aportado a presente xustificación de coentas, lle sexa entregado mediante transferencia á Asociación que representa, a nosa Entidade financeira:

Oroso, a..... de..... de

EXCMO. CONCELLO DE OROSO

Asdo: D.

CONCELLERÍA DE PARTICIPACION CIADADÁN

Oroso, 28 de abril de 2014

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira

2014/4810